ANTEPROXECTO DE LEI DA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A economía social engloba un conxunto de actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo entidades que perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose, día a día, como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual.

As institucións da Unión Europea teñen posto de manifesto reiteradamente a importancia da economía social, que contribúe a un modelo económico sostible no que as persoas son máis importantes que o capital, e que pon en evidencia un modelo de empresas que non se caracteriza polo tamaño ou polo sector de actividade senón polo respecto de valores comúns e cuxo motor principal non é a rendibilidade financeira, senón os beneficios para toda a sociedade

Neste senso, cómpre destacar pola súa relevancia o Informe 2008/2250 (INI), do 26 de xaneiro de 2009, do Parlamento Europeo, que considera a economía social como axente clave para o logro dos obxectivos de Lisboa, establecendo os medios necesarios para acadalos, dando unha visibilidade institucional clara á realidade da economía social, instando a decidir que políticas poden ser determinantes para axudar a este sector, tales como establecer clarificacións conceptuais e estatísticas ou fomentar programas europeos que a favorezan.

En España, a Lei estatal 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, definiu o concepto e concretou os seus principios orientadores, configurando un marco xurídico de aplicación no conxunto do Estado que, sen substituír a normativa aplicable a cada unha das entidades que conforman o seu ámbito, pretende un maior recoñecemento e visibilidade da economía social outorgándolle maior grao de seguridade xurídica.

Entre as entidades que forman parte da economía social cómpre citar as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores e as sociedades agrarias de transformación.

Esta norma común, recoñece como tarefa de interese xeral a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades que conforman a economía social e sinala os obxectivos que os poderes públicos deben ter presentes a hora de abordar a súa política de promoción.

II

Galicia non é allea a esta actividade de fomento e ten realizado un importante esforzo de promoción, a través de múltiples programas e iniciativas, entre os que destaca, nos últimos tempos, a creación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A situación actual demanda reforzar a aposta de futuro pola economía social e dar un salto cualitativo que permita visibilizar o sector en toda a súa amplitude e que recoñeza especificamente as importantes achegas que realiza á sociedade, así como as oportunidades de mellora económica e social que ofrece.

Cómpre salientar que as características deste sector permítenlle afrontar as demandas, retos e desafíos da sociedade e a economía global, adaptándose especialmente ben ás situacións de crise.Todas as persoas poden beneficiarse das vantaxes que a economía social proxecta sobre a sociedade, o territorio e a realidade económica. En particular, o colectivo de persoas emprendedoras ten ao seu dispor unha interesante vía para levar a cabo o seu proxecto e crear o seu propio emprego.

Tendo en conta as potencialidades da economía social, a súa destacada presenza na economía, e as competencias que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia, resulta necesaria a aprobación dunha norma legal que dote ao sector dunha regulación propia en sintonía coa realidade galega e que fomente a súa consolidación e expansión.

Esta Lei da economía social de Galicia ten entre os seus obxectivos principais o de poñer en valor este sector económico, dotalo da relevancia que merece polas súas achegas á sociedade e impulsar a súa capacidade de xerar un modelo de desenvolvemento económico e social equilibrado e sustentable.

Pretende, igualmente, achegar solucións ao complexo panorama socio-laboral e constituírse nun estímulo para a dinamización do autoemprego e do emprendemento enraizado no territorio e que ten como protagonistas ás persoas.

Por medio desta Lei intégrase o sector, ata o de agora disperso, situándose nun plano de participación institucional que abre canles de interlocución, capaces de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e de benestar social. Establécense, así mesmo, mecanismos de coordinación entre os distintos axentes públicos e privados, que facilitan concretar obxectivos e aglutinar esforzos e incentivos para o desenvolvemento do sector.

III

A Lei estrutúrase en catro capítulos con dezaoito artigos, tres disposicións adicionais, unha derrogatoria e catro derradeiras.

O capítulo primeiro recolle as disposicións xerais e nel reflíctese o obxecto da norma, destacando a vontade de acadar un maior recoñecemento e visibilidade do conxunto das entidades asociativas que conforman a economía social, así como de fomentar o seu desenvolvemento. Defínense o concepto de economía social, o ámbito de aplicación e os valores e principios orientadores comúns, tendo en conta os aspectos singulares derivados da realidade galega.

O capitulo II identifica as entidades que forman parte da economía social en Galicia e establece as bases da súa organización e representación. Entre as achegas singulares que realiza a Lei, cómpre destacar a incorporación das comunidades de montes veciñais en man común, institución peculiar recollida no dereito civil galego, ao Catálogo galego de entidades de economía social.

O terceiro capítulo define o marco galego de participación institucional respectando as competencias atribuídas ao Consello Galego de Cooperativas. Créase o Consello da Economía Social de Galicia, como órgano de promoción e difusión da economía social, de carácter consultivo e asesor das administracións públicas.

A súa creación ten como obxecto establecer un foro de comunicación e diálogo que favoreza a participación institucional do conxunto do sector da economía social e que permita coordinar as actuacións para o seu fomento e promoción tanto no ámbito público como privado, ao tempo que culmina a estrutura representativa das entidades de economía social e permite aglutinar todo o sector, así como aos poderes e entidades públicas interesadas para unha máis eficaz tarefa de desenvolvemento.

Establécese a composición deste Consello, tendo en conta as peculiaridades do sector en Galicia. A composición axústase ás características e implantación das entidades da economía social en Galicia, procurando a representación dos distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que se relacionan máis directamente coa promoción e fomento da economía social desde unha perspectiva sectorial. Contémplase a participación da administración local e das universidades galegas polo seu papel central na investigación e divulgación.

Fíxase a súa estrutura e funcións, ao tempo que se establece unha regulación básica co contido preciso para que o órgano poida constituírse e funcionar adecuadamente, cunha ampla capacidade de autorregulación.

O cuarto e último capítulo céntrase na promoción, fomento e difusión da economía social, dos seus principios e valores, incorporando medidas

específicas para un eficaz despregue deste labor en todo o territorio galego, entre as que cómpre destacar a especial referencia ao labor de impulso e dinamización do autoemprego, do emprendemento de base cooperativa e da colaboración empresarial.

A introdución da formación en materia de economía social nos plans de estudos, a mellora da formación e da xestión empresarial, así como o estímulo dos procesos de innovación e de inmersión nas tecnoloxías da información e as comunicacións, constitúen piares básicos deste conxunto de medidas, que promoven, ademais, a utilización de ferramentas que permitan poñer en valor as achegas do sector á sostibilidade social e ambiental.

No ámbito máis institucional, procúrase a integración das políticas de fomento da economía social coas desenvolvidas nas áreas de desenvolvemento rural, emprendemento económico, prestación de servizos sociais, dependencia e integración social, así como a simplificación de trámites administrativos para a creación de empresas de economía social e a introdución de cláusulas de carácter social que estimulen a súa participación na contratación pública.

A Lei recoñece o papel central que lle corresponde aos representantes do propio sector no deseño das políticas de fomento, e procura a incorporación do conxunto de entidades públicas ao labor de promoción da economía social. De igual modo se prevé a colaboración de entidades privadas e cidadáns en xeral. Estimúlase o traballo en rede e colaborativo, en particular a través da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, creada polo Decreto 225/2012, do 15 de novembro, que regula a súa creación e funcionamento.

O financiamento dos proxectos de emprendemento é unha das dificultades máis importante coa que se atopan os seus promotores, polo que se prevé a creación de instrumentos financeiros, tales como programas de microcréditos ou fondos de capital risco, adaptados ás necesidades das novas iniciativas de economía social.

Igualmente e co obxecto de financiar o labor de fomento e promoción, contémplase a atribución anual de recursos con cargo aos orzamentos da comunidade autónoma.

Mediante dúas disposicións adicionais, establecese a necesaria coordinación do Consello da Economía Social de Galicia co Consello Galego de Cooperativas e regúlase especificamente o acceso da economía social aos principais órganos de dialogo institucional, co obxectivo de fomentar a súa visibilidade e facilitar o coñecemento das súas alternativas,.

En liña coas medidas de fomento, a terceira disposición adicional promove a plena integración dos avances tecnolóxicos na xestión dos rexistros

administrativos e xurídicos, co obxecto de axilizar de xeito efectivo a tramitación dos procedementos e acadar un importante aforro de tempo e a redución de custos, tanto na inscrición da constitución de entidades como no cumprimento de trámites durante o seu funcionamento.

A primeira das disposicións derradeiras modifica a Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia, co obxectivo fundamental de adecuar o seu texto as previsións e orientacións da presente Lei, incidindo na promoción do autoemprego, na ampliación de posibilidades de captación de financiamento interno e moi especialmente na creación dunha nova clase de cooperativa que responde á preocupación polo alto nivel de desemprego existente entre a xuventude galega e propón unha solución que facilita o tránsito desde as etapas formativas ao desenvolvemento profesional.

Esta nova clase de cooperativas esta constituída maioritariamente por mozos e mozas comprendidas entre dezaseis e vinte nove anos, que poñan en común o seu traballo persoal. A súa creación trata de facilitar o acceso ao autoemprego cooperativo polo que se simplifican os requisitos de constitución e concíbese como un paso intermedio, contemplándose unha duración limitada no tempo e a súa conversión en cooperativa ordinaria.

Esta modificación incide, así mesmo, en incrementar as posibilidades organizativas das asociacións representativas do sector, permitindo a constitución de unións por cooperativas de distinta clase.

Na segunda disposición derradeira autorizase a Xunta de Galicia para aprobar o texto refundido da Lei de cooperativas de Galicia que incorpore as modificacións efectuadas.

Por último, en dúas disposicións derradeiras recollese a habilitación normativa para a aplicación e desenvolvemento da lei, así como a súa entrada en vigor.

O anteproxecto desta lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia, do Consello Galego de Relacións Laborais e do Consello Galego de Cooperativas.

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

1. A presente lei ten por obxecto establecer unha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que integran á economía social en Galicia, con pleno respecto á normativa específica que se aplica a cada clase de entidades

así como á normativa básica estatal , a Lei 5/2011, do 29 de marzo da Economía Social.

2. En todo caso, as entidades da economía social regularanse polas súas normas substantivas específicas.

Artigo 2 .Finalidade.

A presente lei ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as entidades que integran a economía social para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influenza en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación

Artigo 3. Concepto.

Se denomina economía social ao conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado ,levan a cabo aquelas entidades que se rexen polos principios recollidos no artigo 5 desta Lei, e que perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Artigo 4. Ámbito de aplicación.

1.A presente lei aplicase ao conxunto de entidades de economía social que teñan o seu domicilio social en Galicia e que desenvolvan a súa actividade empresarial e económica principalmente no seu ámbito territorial , sen prexuízo das competencias que poidan corresponder ao Estado

2 Entenderase que a actividade empresarial e económica se desenvolve principalmente en Galicia, cando sexa realizada maioritariamente dentro do seu ámbito territorial.

Artigo 5. Principios orientadores.

As entidades de economía social, inspiradas polos valores de axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, responsabilidade social e preocupación por os demais, están informada polos seguintes principios orientadores:

a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a

priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás súas achegas ao capital social.
b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica, principalmente en función do traballo achegado e servizo ou actividade realizados polas socias e socios ou polas persoas integrantes e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade, ao servizo da consecución de obxectivos como o desenvolvemento sostible, o interese dos servizos aos membros e o interese xeral.
c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sostibilidade.
d) Independencia respecto aos poderes públicos.
e) Compromiso co territorio, fronte á despoboación e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.
f) Fortalecemento da democracia institucional e económica.

CAPÍTULO II
Entidades de economía social

Artigo 6. Entidades da economía social de Galicia.

1.Forman parte da economía social de Galicia:

a) as sociedades cooperativas galegas,
b) as mutualidades,
c) as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica,
d) as sociedades laborais,
e) as empresas de inserción,
f) os centros especiais de emprego,
g) as confrarías de pescadores,
h) as sociedades agrarias de transformación,
i) as Comunidades e Mancomunidades de montes veciñais en man común, e
j) as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos na presente Lei, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial.

2. Así mesmo poderán formar parte da economía social de Galicia as entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento resposten aos principios regulados no artigo 5, e que sexan

incluídas no catálogo de entidades de economía social , regulado no seguinte artigo.

Artigo 7. Catálogo galego de entidades da economía social.

1. Corresponde á Consellería competente en materia de economía social da Xunta de Galicia, previo informe do Consello da Economía Social de Galicia, elaborar e manter actualizado o Catálogo Galego de Entidades da economía social, no que se incluirán os diferentes tipos de entidades da economía social relacionadas no artigo 6 da presente lei.

2. Todos os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencias rexistrais sobre as entidades da economía social do artigo 6 desta lei, deberán notificar e remitir anualmente a Consellería competente en materia de economía social para a súa inclusión no Catálogo galego de entidades de economía social, unha relación das inscricións efectuadas en ditos rexistros relativas á constitución, fusión, transformación ou disolución de ditas entidades.

3- O Catálogo galego de entidades de economía social regulado no presente artigo terá carácter único no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá ser público e non terá carácter constitutivo.

Artigo 8. Organización.

As entidades da economía social galega poderán constituír asociacións que representen e defendan os seus intereses, e estas poderán agruparse entre si, de acordo co previsto na normativa de aplicación correspondente.

A tal obxecto, a Xunta de Galicia impulsará e promoverá a creación de entidades de integración do sector.

CAPÍTULO III
O Consello da Economía Social de Galicia

Artigo 9. Consello da Economía Social de Galicia

1. Créase o Consello da Economía Social de Galicia como órgano consultivo e asesor para as actividades relacionadas coa economía social, especialmente no ámbito da promoción e difusión da economía social.

2. O Consello promoverá o diálogo , a coordinación e a colaboración entre todos os actores da economía social, e será o canle principal de participación institucional das entidades da economía social .

3. Este órgano colexiado quedará integrado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de economía social, sen participar na súa estrutura xerárquica.

Artigo 10. Funcións.

1. Correspóndelle ao Consello da Economía Social de Galicia as seguintes funcións:

a) Asesorar na planificación, fomento, coordinación, e execución dos programas de promoción e difusión da economía social,en especial mediante a elaboración de recomendacións.
b) Emitir informe, de carácter non vinculante, sobre os proxectos de normas reguladoras que afecten ás entidades da economía social galega.
c) Elaborar estudos, informes, e propostas sobre cuestións que afecten á economía social en Galicia.
d) Colaborar na elaboración e avaliación dos programas de desenvolvemento da economía social.
e) Formular propostas de incorporación ou exclusión no catálogo galego de entidades de economía social de tipos de entidades da economía social.
f) Orientar a cooperación empresarial entre as entidades que forman parte da economía social.
g) Asesorar na integración e coordinación da promoción da economía social coas demais políticas públicas, en especial coas dirixidas á creación de emprego, ao fomento do emprendemento, e ao desenvolvemento local e rural.
h) Velar pola promoción e pola axeitada aplicación dos principios da economía social e desta Lei.
i) Todas aquelas funcións que veñan determinadas por disposicións legais ou regulamentarias.
2. O Consello da Economía Social de Galicia poderá solicitar das institucións da Comunidade Autónoma canta información precise para o desenvolvemento das súas funcións.
3. Ao Consello da Economía Social de Galicia, como órgano de colaboración, coordinación e interlocución no ámbito da economía social de Galicia, lle corresponde designar ás persoas que deban ostentar a súa representación nos órganos de participación institucional de carácter xeral ou específico, así como

a designación de persoas interlocutoras e representantes da economía social de Galicia nos ámbitos en que proceda.

Artigo 11. Composición .

1.Integran o Consello da Economía Social de Galicia :

a) A presidencia, que a ostentará o conselleiro ou conselleira competente en materia de economía social ,ou persoa en quen delegue.
b) A vicepresidencia primeira, que ostentará a persoa titular da dirección xeral competente en materia de economía social, ou persoa en quen delegue.
c) A vicepresidencia segunda, que será ostentada pola persoa elixida maioritariamente polas persoas membros do Consello da Economía Social representantes das entidades da economía social ,de entre elas.
d) Once persoas en representación das entidades da economía social de Galicia, nomeadas do seguinte xeito:

1º Seis persoas propostas polo Consello Galego de Cooperativas de entre os seus membros representantes das cooperativas en función da súa representatividade nese órgano.

2º Unha persoa proposta pola entidade de representación de sociedades laborais máis representativa.

3º Unha persoa proposta conxuntamente polas entidades respresentativas dos centros especiais de emprego e das empresas de inserción máis representativas.

4º Unha persoa proposta pola entidade de representación de asociacións e fundacións máis representativa.

5º Unha persoa proposta pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

6º Unha persoa proposta pola entidade de representación das Comunidades e Mancomunidades de montes veciñais en man común máis representativa.

e) Oito persoas en representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

1º Dúas persoas representantes da consellería competente en materia de economía social.

2º Dúas persoas representantes da consellería competente en materia de desenvolvemento rural e do mar.

3º Unha persoa representante da consellería competente en materia de economía e industria.

4º Unha persoa representante da consellería competente en materia de traballo.

5º Unha persoa representante da consellería competente en materia de educación.

6º Unha persoa representante da consellería competente en materia de fundacións e asociacións.

f) Unha persoa representante dos concellos de Galicia proposto pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

g) Unha persoa representante das Universidades de Galicia

2. A secretaría será ocupada por unha persoa funcionaria proposta pola Dirección Xeral competente en materia de economía social, que actuará con voz pero sen voto.

3. A composición e a organización do Consello, así como dos seus órganos, realizarase procurando acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes na súa composición total.

4. Aos efectos previstos na letra d) do número 1 deste artigo considerarase como entidade máis representativa á que agrupe a un maior número de persoas físicas a través das entidades asociadas, como socios, patróns, asociados,ou traballadores.

Artigo 12. Nomeamentos e cesamentos.

1. As persoas titulares e suplentes integrantes do Consello da Economía social de Galicia, serán nomeadas e cesadas polo conselleiro ou conselleira competente en materia de economía social.

2. A duración do mandato das persoas integrantes do Consello da Economía Social de Galicia que representan á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos concellos e das universidades, así como o do secretario ou secretaria, terá carácter indefinido.

3. A duración do mandato das persoas representantes das entidades de economía social será de catro anos, renovándose a finalización deste período, sen prexuízo da súa reelección. Finalizado este período procederase a renovación aplicando os criterios previstos no artigo anterior.

4. As persoas integrantes do Consello da Economía Social de Galicia poderán ser substituídos por iniciativa da entidade ou órgano a quen lle corresponde realizar a proposta de nomeamento.

Artigo 13. Funcionamento

1. O Consello funcionará en pleno e a través de comisións de traballo.

2. Corresponde ao Pleno o exercicio das funcións previstas no artigo 10 desta lei, aprobar as normas de réxime interno, constituír comisións de traballo e calquera outra función que resulte precisa para o cumprimento dos seus obxectivos.

3. Poderán crearse comisións de traballo para o estudio de cuestións concretas e a elaboración de informes e ditames. A súa creación e extinción acordaranse expresamente polo pleno .
4. O funcionamento do Consello axustarase ao disposto na presente Lei, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e complementarase coas normas de réxime interno aprobadas polo pleno do Consello.
En todo caso ás reunións do pleno ou das comisións de traballo poderán asistir, sen dereito a voto, un máximo dunha persoa asesora a petición das entidades da economía social, da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos concellos de Galicia e das Universidades de Galicia representadas no Consello da Economía Social de Galicia.
5. En casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal e inexistencia de delegación expresa, a presidencia será substituída pola vicepresidencia primeira e esta a súa vez, nos mesmos termos, será substituída pola persoa titular da vicepresidencia segunda.
6. En casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, os membros titulares do órgano, agás a presidencia e a vicepresidencia primeira, serán substituídos polos seus suplentes.

CAPÍTULO IV
Fomento da economía social

Artigo 14. Fomento e difusión
1. A Xunta de Galicia recoñece de interese xeral e social, a promoción, estímulo e desenvolvemento das entidades de economía social e das súas organizacións representativas.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma realizará unha política de fomento e difusión da economía social que terá entre os seus obxectivos, ademais dos previstos na lei 5/2011, de economía social, os seguintes:

a) Promoción dos principios e valores da economía social.
b) Facilitar as iniciativas de economía social, especialmente mediante a creación dunha contorna que fomente o seu desenvolvemento nos planos económico e social.
c) Mellora da xestión das entidades e da formación das persoas que as integran.
d) Promoción da formación e readaptación profesional.

e) Estímulo dos procesos de innovación tecnolóxica e organizativa, así como de inmersión en tecnoloxías da información e as comunicacións, especialmente para persoas emprendedoras.

f) Promoción da participación das entidades da economía social nas políticas activas de emprego, especialmente nas dirixidas a mulleres, xuventude, persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade e persoas en risco ou en situación de exclusión social.

g) Impulso e dinamización do autoemprego, do emprendemento de base cooperativa e da colaboración empresarial.

h) Introdución da formación en materia de economía social nos plans de estudos das diferentes etapas educativas e, en particular, nos niveis previos ao acceso ao mundo laboral e na formación para o emprego.

i) Integración das políticas de fomento da economía social coas desenvolvidas nas áreas de desenvolvemento rural, emprendemento económico, prestación de servizos sociais, dependencia e integración social, procurando a efectiva coordinación entre consellerías, departamentos e organismos dependentes da Administración Autonómica.

j) Promoción da elaboración e utilización de ferramentas que permitan avaliar e poñer en valor as achegas do sector a sostibilidade social e ambiental.

k) Introdución de cláusulas de carácter social que, tendo en conta as características e valores da economía social, favorezan a súa participación na contratación pública e permitan avaliar adecuadamente as súas achegas e contribucións á sociedade.

l) Remoción de obstáculos que impidan o inicio e desenvolvemento de actividades económicas por parte das entidades de economía social.

m)Simplificación de trámites administrativos para a creación de entidades de economía social, en particular incorporando solucións baseadas nas tecnoloxías da información e as comunicacións.

3. As correspondentes actuacións levaranse a cabo pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través do impulso e a coordinación da consellería competente en materia de economía social e o asesoramento do Consello da Economía Social de Galicia, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outras consellerías en función da actividade empresarial que desenvolvan as entidades de economía social.

4.A administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións.

5. Pola especial contribución das entidades da economía social ao desenvolvemento económico e social de Galicia, promoverase a implicación

das entidades privadas e cidadáns en xeral no labor de promoción e fomento da economía social.

Artigo 15. A Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

As actividades de fomento e difusión da economía social, de acordo coa orientación do Consello da Economía Social de Galicia, impulsaranse especialmente a través da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social como instrumento creado polo Decreto 225/2012, do 12 de novembro.

Artigo 16. Planificación e execución das actividades de fomento.

A planificación das actividades de fomento da economía social terá especialmente en conta a existencia de programas europeos de colaboración e procurarán a elaboración de programas específicos enmarcados nos distintos instrumentos comunitarios.

Artigo 17. Lanzamento de novas iniciativas de economía social.

1. Co obxecto de promover o desenvolvemento de novas iniciativas de economía social, mediante a creación de novas entidades ou mediante a ampliación de actividades das existentes, crearanse instrumentos financeiros específicos que contribúan ao seu lanzamento e inicio de actividades.

2. As pequenas e medianas empresas da economía social galega poderán acceder a programas de microcréditos ou fondos de capital risco que se concerten especificamente, con financiamento público e privado, para o lanzamento de novas iniciativas de economía social.

Artigo 18. Financiamento.

Con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma se habilitarán anualmente recursos e liñas de financiamento específico para incentivar o desenvolvemento da economía social en Galicia e mellorar a súa visibilidade.

Disposición adicional primeira. Coordinación co Consello Galego de Cooperativas

1. O Consello Galego de Cooperativas, máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo, seguirá ostentando as funcións e competencias atribuídas pola Lei de cooperativas de Galicia, constituíndo o superior órgano de representación do cooperativismo no ámbito da Comunidade Autónoma, a quen lle corresponde en exclusiva as funcións de carácter consultivo e asesor

das administracións públicas galegas, naqueles temas que afecten ao cooperativismo.
2. O Consello da Economía Social de Galicia coordinará as súas actuacións coas do Consello Galego de Cooperativas, a través dunha comisión específica formada por seis persoas, nomeadas de forma paritaria entre os integrantes de cada un de ditos órganos e unha presidencia designada pola consellería competente en materia de economía social.
A comisión reunirase por iniciativa da súa presidencia ou a petición de calquera dos devanditos órganos, co obxecto de formular propostas de coordinación de actuacións.

Disposición adicional segunda. Participación institucional

Unha representación das entidades de economía social designada de entre as persoas que integran, na súa representación, Consello da Economía Social de Galicia, participará nos órganos consultivos de carácter económico e social, en particular no Consello Económico e Social e no Consello Galego do Economía e Competitividade, así como nos órganos que se creen especificamente para a participación institucional na definición de políticas activas de emprego e de desenvolvemento nos planos económico e social.

Disposición adicional terceira. Informatización dos rexistros e administración electrónica
1. Promoverase a plena integración dos avances tecnolóxicos na xestión dos rexistros de entidades de economía social, en particular a incorporación dos medios e procedementos informáticos.
2. A tramitación dos procedementos relativos aos rexistros administrativos de sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción poderán ser realizados por medios telemáticos.
3. A tramitación dos procedementos de inscrición e depósito de títulos e documentos, a obtención de certificados e notas simples, así como, os trámites vinculados co Rexistro de Cooperativas poderán ser realizados por medios telemáticos, na medida en que o permita a implantación da administración electrónica e os mecanismos de colaboración que se establezan coa Administración do Estado e o Consello Xeral do Notariado.

Disposición derrogatoria. Derrogación normativa
Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

1. Modifícase o apartado 1 do artigo 5 da Lei de cooperativas de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

1. O capital social mínimo para constituírse e funcionar unha sociedade cooperativa non será inferior a tres mil euros, expresándose nesta moeda, e deberá estar totalmente desembolsado desde a súa constitución.

2. Modifícase o primeiro parágrafo do apartado 2 do artigo 12 da Lei de cooperativas de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

2. A asemblea constituínte deliberará e adoptará, como mínimo, os acordos sobre todos aqueles extremos que resulten necesarios para o outorgamento da correspondente escritura de constitución, aprobando, en todo caso, os estatutos da cooperativa e designando de entre os promotores as persoas que teñan que outorgar a escritura pública de constitución; o seu número non poderá ser inferior a tres e entre eles deberán estar, polo menos, o designado como secretario da asemblea constituínte e os designados para desempeñar os cargos do primeiro órgano de administración.

3. Suprímense o último parágrafo do apartado 1 e o contido integro do apartado 3, do artigo 29 da Lei de cooperativas de Galicia. O artigo 29 queda redactado nos seguintes termos:

1.- Os estatutos poderán prever e regular a existencia de socios colaboradores, persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, sen poderen realizar plenamente o obxecto social cooperativo, poidan colaborar na súa consecución.
Estatutariamente determinaranse os dereitos e as obrigas, fixándose en todo caso a achega obrigatoria mínima, o desembolso dela, os requisitos para adquirir a condición de socio, o seu réxime de baixa, e o dereito ao retorno cooperativo, e, no non previsto por estes, por acordo da asemblea xeral. O conxunto destes socios, agás que sexan sociedades cooperativas, non poderá superar un terzo dos membros do órgano de administración, sen que en ningún caso poidan desempeñar os cargos de presidente e vicepresidente del.
Os socios colaboradores que acheguen exclusivamente capital percibirán o xuro pactado, que non poderá ser inferior ao percibido polos socios, nin exceder en máis de seis puntos do xuro legal do diñeiro, sen que en ningún caso teñan dereito a percibir o retorno cooperativo.

2.- Tamén poderán ser socios colaboradores aquelas cooperativas coas que se subscribise un acordo de colaboración intercooperativo, nas mesmas condicións establecidas no número anterior.

4. Engádese un novo apartado 4 ao artigo 73, coa seguinte redacción:

4. Con carácter complementario ao depósito dos documentos indicados no número anterior, poderá depositarse no Rexistro de cooperativas a memoria social consonte os modelos aprobados polo Consello Galego de Cooperativas.

5. Modifícase o apartado 2 do artigo 74 da Lei de cooperativas de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

2. O acordo sobre cambio de denominación, cambio de domicilio e modificación do obxecto social ou do capital social mínimo, anunciarase nun dos diarios de maior circulación da provincia do domicilio social da cooperativa con carácter previo á súa inscrición. A publicación da inscrición destes acordos no Diario Oficial de Galicia, será tramitada polo rexistro de cooperativas competente con carácter gratuíto.

6. Modifícase o primeiro parágrafo do apartado 2 do artigo 107 da Lei de cooperativas de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

2. Estatutariamente poderá establecerse para as novas persoas socias un período de proba non superior a seis meses, agás que a incorporación estea acollida a programas de promoción do autoemprego cooperativo, no que poderá ser prorrogado por outros seis meses adicionais.

7. Modifícase o apartado 1 do artigo 133 da Lei de cooperativas de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

1. As unións de cooperativas estarán constituídas, como mínimo, por cinco sociedades cooperativas galegas e poderán formar parte delas as sociedades agrarias de transformación.

8. Engádese a Lei de cooperativas de Galicia unha nova disposición adicional:

Disposición adicional novena. Cooperativas xuvenís.

Obxecto e normas aplicables.

1. Son cooperativas xuvenís as que teñen por obxecto proporcionarlle emprego e un marco apropiado para o desenvolvemento profesional á xuventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e servizos para terceiros.

Deberán estar formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos.

2. Ás cooperativas xuvenís constitúen unha especialidade das cooperativas de traballo asociado e asimiladas, ou das cooperativas de explotación comunitaria da terra ou de explotación de recursos acuícolas, resultándolles aplicable a regulación xeral e específica que corresponda a súa clase, coas seguintes particularidades:

a) Completarán a parte obrigatoria da súa denominación coa palabra xuvenil do seguinte xeito: “sociedade cooperativa galega xuvenil” ou “s.coop.galega xuvenil”.

b) O capital social mínimo necesario para constituírse e funcionar unha sociedade cooperativa xuvenil será de trescentos euros que deberán estar totalmente desembolsados desde a súa constitución.

c) A inscrición dos actos de constitución, modificación de estatutos, disolución, reactivación e liquidación das sociedades cooperativas xuvenís, así como os apoderamentos e as súas revogacións, poderán realizarse en virtude de documentos de carácter privado cos mesmos requisitos que os previstos para as escrituras públicas no que resulte procedente. As sinaturas que consten nos documentos deberan estar lexitimadas notarialmente ou autenticadas polo rexistro de cooperativas. A publicación dos acordos, cando resulte preceptiva, poderá realizarse unicamente a través do Diario Oficial de Galicia e será tramitada polo rexistro de cooperativas competente con carácter gratuíto.

d) A cooperativa xuvenil constituirase por tempo determinado fixado estatutariamente e deberá transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse, transcorridos cinco anos desde a súa inscrición no rexistro de cooperativas. Transcorrido o prazo de cinco anos sen que se adoptase o acordo de transformación en cooperativa ordinaria, a cooperativa xuvenil quedará disolta de pleno dereito e entrará en período de liquidación.

e) O acordo de transformación en sociedade cooperativa ordinaria deberá ser adoptado pola asemblea xeral por máis da metade dos votos validamente expresados, non sendo computables para estes efectos os votos en branco nin as abstencións e deberá elevarse a escritura pública e inscribirse no rexistro de cooperativas.

   A transformación require o cumprimento de todos os requisitos esixidos legalmente para a constitución dunha cooperativa ordinaria da clase que se trate e realizarase a través do procedemento previsto no artigo 74, en canto resulte procedente.

f) A redución do número de persoas socias traballadoras que teñan entre 16 e 29 anos, por debaixo da maioría esixida para a constitución de cooperativas xuvenís sen que se restableza no prazo de seis meses, será causa de disolución ou transformación en cooperativa ordinaria.

g) Anualmente deberá someterse a aprobación da asemblea xeral un plan de formación profesional individualizado, que alcance a totalidade das persoas socias e ao que deberá asignarse os recursos económicos precisos, entre os que deberá figurar a dotación total do Fondo de Formación e Promoción Cooperativa.

Disposición derradeira segunda. Autorización para refundir textos

1. No prazo dun ano dende a entrada en vigor da presente lei, a Xunta de Galicia, a proposta do conselleiro ou conselleira competente en materia de traballo, aprobará o correspondente decreto lexislativo que refunda a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, cos correspondentes preceptos contidos na presente lei.

2. A autorización a que se refire esta disposición inclúe a facultade de regularizar, clarexar e harmonizar os textos legais que teñan que refundirse, incluíndo a revisión da linguaxe na redacción da norma, en aplicación do principio de igualdade e non discriminación reflectido na disposición adicional terceira da Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa.

Autorizase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións regulamentarias que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Esta Lei entrara en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.